

MEMORIA-INFORME PARA TRAMITAR UN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA PARA INTERCAMBIAR INFORMACION

Ref.: 20TX/mmo
Expt.: 2020/ NG09

ANTECEDENTES E RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

O Instituto Nacional de Estadística (INE) e o Instituto Galego de Estadística (IGE), conscientes da importancia de manter e reforzar as relacións de cooperación e o intercambio de información, subscribiron con data do 30 de xaneiro de 2002 un acordo marco cuxa vixencia finalizou en outubro de 2019.

A experiencia adquirida na execución deste acordo aconsella continuar cooperando e coordinando as actividades estatal e autonómica, toda vez que o Estado ten competencia exclusiva sobre estatísticas para fins estatais (artigo 149.1.31 da Constitución) e a Comunidade Autónoma ten competencia exclusiva sobre as estatística para fins autonómicos (artigo 27.6 do Estatuto de Autonomía).

En desenvolvemento destas previsións competencias, a Lei 12/1989, do 9 de maio da función estatística pública recolle nos seus artigos 26.r) e 41.1 que o INE poderá celebrar acordos e convenios cos servizos estatísticos das comunidades autónomas para mellorar a execución das súas operacións estatísticas ou para evitar duplicidades e gastos..

Pola súa parte, a Lei 9/1988, do 19 de xullo de estatística de Galicia, establece no seus artigos 39.1 e 39.3 como funcións do IGE a de dirixir e coordinar a actividade estatística da Comunidade Autónoma e a de realizar as estatísticas que se lle encomenden no Plan Galego de Estadística e nos seus programas anuais, así como as que se establezan mediante convenios con outros organismos estatísticos.

Polo exposto, parece conveniente subscribir un convenio de cooperación entre ambas entidades, que ten natureza de convenio marco, por establecer uns compromisos iniciais que poden dar lugar á sinatura de convenios específicos entre as partes.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:





- Que dentro da Secretaría Xeral, o Servizo Técnico Xurídico e de Contratación, segundo o Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Estatuto do Instituto Galego de Estatística (IGE), asume o impulso e a tramitación administrativa do expediente.
- Que deberá solicitarse á Asesoría Xurídica da Consellería de Facenda un informe previo sobre o proxecto deste convenio de colaboración entre o IGE e o INE.
- Que, ao se tratar dun convenio sen achega ou obriga económica algunha, non se considera necesaria a súa fiscalización pola Intervención xeral ou delegada.
- Que é aplicable o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que conforman o capítulo VI “Dos convenios” dentro do título preliminar.
- Tamén é aplicable o establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios que celebre a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público dependentes dela con outras administracións ou entes de dereito público ou privado, polo que se remitirá copia compulsada do texto do convenio.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Xefa do Servizo Técnico Xurídico e de Contratación
Mónica Martínez Otero

Secretaria xeral
Rosa Elvira Fernández González

